

# **Plan de integración das TIC**

Curso 2022-23

IES Pedra da Aguiá

# Índice

1	Introdución.....	1
1.1	As TIC na educación.....	1
1.2	Marco normativo.....	1
1.3	Contextualización.....	2
2	Recursos.....	4
2.1	Recursos materiais.....	4
2.2	Recursos humanos.....	5
2.3	Outros.....	5
3	Desenvolvemento do Plan.....	5
3.1	Obxectivos.....	5
3.2	Metodoloxía.....	8
3.3	Actividades.....	10
3.4	Avaliación.....	14

# **1 Introducción**

## **1.1 As TIC na educación**

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior e, neste contexto, a súa aplicación ó traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación do alumnado nos centros educativos.

A gran cantidade de información interconectada a disposición do usuario, coa posibilidade engadida de que poida manipulala e incluso creala, fai precisa a ensinanza de habilidades para a súa selección, aproveitamento axeitado e para abordar con éxito a súa utilización en contornas de aprendizaxe.

Por outra parte, as TIC tamén crean espazos de interacción social con persoas de calquera parte do mundo e este novo contexto de relación precisa tamén dunha formación para garantir o seu bo uso.

En canto ó ámbito didáctico, as TIC ofrecen novas posibilidades de ensino e aprendizaxe, superando limitacións temporais e xeográficas entre os membros da comunidade educativa. Neste sentido, o confinamento derivado da situación sanitaria ocasionada pola Covid-19 durante o curso pasado puxo de manifesto a necesidade de desenvolver habilidades, tanto polo profesorado coma polo alumnado, para acceder, analizar, modificar, producir e compartir información a través das TIC. Tamén evidenciou fortes desigualdades no acceso a estas tecnoloxías por parte do alumnado, que deben ser detectadas e subsanadas canto antes para garantir o acceso á formación en igualdade de condicións

Todo o anterior xustifica a necesidade de fomentar as TIC no labor docente, desde as diversas perspectivas apuntadas. Trátase, en definitiva, de axudar a conseguir unha competencia dixital que capacite ó alumnado, ó profesorado e, en certa medida, ás familias, para desenvolverse de maneira responsable e crítica na sociedade da información e a comunicación.

## **1.2 Marco normativo**

O presente proxecto enmárcase no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, que prevé a aprobación dun plan de integración das tecnoloxías da información e

da comunicación.

O Plan TIC é un documento que recolle os obxectivos, actuacións e recursos a través dos que se pretende axudar a desenvolver a competencia dixital e o tratamento da información da comunidade educativa e a fomentar a utilización das TIC. Así mesmo, integra todas as intervencións do centro destinadas a tal fin e a estratexia a seguir.

### **1.3 Contextualización**

No centro impártese a etapa completa da Educación Secundaria Obrigatoria, tendo neste curso escolar 2022/23 un total de 160 alumnos e alumnas. En canto ó profesorado, aproximadamente a metade dos docentes teñen destino definitivo no centro.

A motivación polo estudo do alumnado é moi mellorable e o nivel académico sitúase por debaixo do agardado en relación co seu contexto socioeconómico e cultural, porén, a eliminación da convocatoria de setembro tivo un impacto positivo na promoción de curso e na redución do número de materias pendentes.

Recóllense a continuación algúns aspectos da situación actual no que respecta á actividade da comunidade educativa no uso das TIC.

#### **Profesorado**

- i. En xeral, o profesorado emprega o ordenador para a elaboración de documentos de texto: programacións, probas, memorias, etc.
- ii. Boa parte do profesorado fai uso das TIC no labor docente diario: clases apoiadas en presentacións, emprego de webs e simuladores, libro dixital, redes sociais, blogs, etc.
- iii. As comunicacións entre o claustro fanse por correo electrónico: convocatoria de reunións, información das novidades da biblioteca, información inicial sobre o uso das TIC, etc.
- iv. Empréganse calendarios con acceso dende a páxina web para:
  - coordinar e publicar as datas de exames
  - consultar as actividades do alumnado
  - reservar as aulas de informática e a biblioteca

- v. Utilízase o XADE para a xestión de faltas de asistencia e de puntualidade. Non se empregou ata agora para rexistrar faltas de conduta.
- vi. Emprégase a aplicación abalarMóbil para enviar notificacións a grupos e comunicar faltas de asistencia ás familias.
- vii. Emprégase a aplicación abalarMóbil para solicitude e intercambio de información entre os titores e o equipo docente de cada grupo.
- viii. A través do curso *Profesorado* na aula virtual, comparátese dende dirección e orientación toda a información que precisan os docentes para o comezo da actividade e outra que poida xurdir durante o curso: listaxes e orlas de alumnado, horarios, plantillas, listaxe de correos do profesorado, informes do alumnado con MAD, resumo das NOF e outros documentos de centro, etc.
- ix. A web de inicio en todos os ordenadores do centro de uso común é a oficial do centro, <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/> para promover o seu uso como vía de comunicación da actividade no instituto.
- x. Todo o profesorado ten datos de acceso para publicación de contidos na web do centro, para a creación de cursos na aula virtual e para o emprego de Agueiro e o EVA de E-Dixgal.
- xi. O programa E-Dixgal está implantado en tódolos cursos e parte do profesorado que non ten materia vinculada ó proxecto emprega igualmente o seu EVA para tratar de centralizar alí os recursos para o alumnado.
- xii. O profesorado valora moi negativamente os contidos dixitais ofertados polas editoriais accesibles dende o EVA de E-Dixgal.

## Alumnado

- i. Todo o alumnado ten o convertible de E-Dixgal.
- ii. A maior parte do alumnado cumpre as condicións de cesión e leva o convertible cargado tódolos días ó centro.
- iii. Parte do alumnado ten dificultades para non distraerse cun uso non didáctico do convertible durante as clases.
- iv. A maior parte ten internet na casa a través dos teléfonos móbiles, pero moitos teñen problemas de cobertura ou limitación de datos e carecen de acceso por

cable.

- v. Desde o centro, a Biblioteca pon a disposición do alumnado ordenadores para o seu uso durante os recreos e para impresión de traballos.
- vi. Durante o curso adoita xurdir algún problema de convivencia derivado do mal uso do móbil: emprego sen permiso do profesorado, gravacións non autorizadas dentro ou fóra do centro, difusión a terceiros de contidos compartidos de forma persoal, etc.
- vii. Moitos alumnos descoñecen as normas básicas para o uso seguro da internet: deixan contas abertas en ordenadores de uso común, difunden contrasinais persoais, etc.
- viii. O alumnado ten dificultades para determinar a fiabilidade das fontes e a información á que accede en internet.

## Familias

- i. Case a totalidade das familias recibe comunicacións do centro a través de abalarMóbil.
- ii. En moitos casos seguen sen valorar a web como medio de difusión de novas sobre o centro e recorren á vía telefónica para informarse e/ou confirmar información.
- iii. O nivel das familias é, en xeral, cultural e socialmente medio-baixo. Nalgúns casos non poden facer fronte ó pago dunha conexión á Internet. Noutros, non se interioriza como unha necesidade que o seu fillo ou filla teña conexión á rede.

## **2 Recursos**

### **2.1 Recursos materiais**

- Aula de Informática 1: dotada con 20 ordenadores ca maqueta Abalar instalada, 1 proxector e 1 impresora.
- Aula de Informática 2: montouse hai tres cursos con CPU e monitores doados pola fundación Paideia. Conta con 25 ordenadores ca maqueta Abalar e 1 proxector.

- Aulas xerais: dispoñen todas de ordenador e proxector. En 8 delas hai pizarra dixital. 1º A comeza o curso nunha aula onde non hai pizarra dixital e onde non se pode acender o canón co mando
- Ordenadores E-Dixgal para todo o alumnado.
- Biblioteca: 6 postos de traballo, dispoñibles durante os recreos e para as clases. Tamén custodia 8 tabletas que se poden levar ás aulas para o alumnado.

## 2.2 Recursos humanos

Non querendo asumir ninguén o cargo, a dirección designou á dinamizadora do uso das TIC, que atenderá as incidencias o antes posible, para solucionarlas ou derivalas á UAC ou á empresa de mantemento contratada polo centro, se é o caso. Ademais, responsabilízase da coordinación do programa E-Dixgal. Neste curso conta con 5 horas de adicación a esas tarefas.

## 2.3 Outros

Na páxina web do centro alóxase o bloque Dinamización TIC, no que se recollen:

- calendarios de reserva de aulas de informática e biblioteca
- guías e ligazóns para que o profesorado poida facer unha primeira aproximación ó uso de aula virtual, Agueiro, Webex, páxina web, etc.
- información para o alumnado relacionada cas TIC.
- formulario para recoller a notificación de incidencias TIC.

# 3 Desenvolvemento do Plan

## 3.1 Obxectivos

### Obxectivos xerais

Na normativa (Decreto 133/2007), figuran os seguintes obxectivos xerais:

1. Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración de toda a comunidade educativa.

2. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ó traballo coas TIC.
3. Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
4. Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
5. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
6. Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
7. Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
8. Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
9. Potenciar a comunicación cos seus iguais.
10. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ó aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
11. Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
12. Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
13. Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
14. Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.



15. A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.

16. Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

Estes obxectivos xerais poden concretarse para adaptalos á realidade educativa do noso IES:

### **Obxectivos de centro a curto prazo**

Entendendo por curto prazo o período que comprenderá o presente curso 2022-23, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

1. Afondar no uso de abalarMóbil para favorecer a comunicación áxil de incidencias na aula ás familias.
2. Coñecer cal é a situación nos fogares do alumnado en canto a dispoñibilidade de acceso á rede para tratar de solventar carencias canto antes no caso de que teñan que recibir formación por este medio dende o seu domicilio, por enfermidade, confinamento, etc.
3. Proporcionar formación básica a toda a comunidade educativa para poder manexar as ferramentas dixitais que se empregan no centro: web, aula virtual, E-Dixgal, Agueiro, calendarios de exames e reserva de aulas, formularios de recollida de información, etc.
4. Realizar inventario da totalidade do equipamento TIC.
5. Realizar un mantemento básico de equipos.
6. Coordinar a instalación e distribución de novos equipos.
7. Concienciar da necesidade de máximo respecto pola conservación dos equipos e o seu uso responsable e solidario.
8. Procurar a consideración e uso real da web do centro como medio de comunicación coa comunidade educativa, máis aló de empregala como expositor de actividades realizadas.

9. Asentar entre o alumnado a concepción do uso das TIC como un medio de formación que supere o concepto exclusivamente lúdico que ás veces se lles dá.
10. Dotar ó alumnado de recursos básicos para o recoñecemento da fiabilidade das fontes e a información á que acceden en internet e para un uso seguro da rede.
11. Fomentar condutas responsables ambientalmente no uso das TIC.
12. Avanzar no uso do software libre.
13. Informar á comunidade educativa das actividades formativas relacionadas coas TIC das que se teña coñecemento e que se considere que poidan ser do seu interese.
14. Xestionar as incidencias asociadas ó equipamento E-Dixgal do centro.
15. Recibir formación a través do CFR para que o profesorado mellore a súa competencia para a creación de recursos propios.
16. Desenvolver as accións previstas no Plan dixital do centro.

### **Obxectivos de centro a longo prazo**

1. Promover a coordinación dos diferentes departamentos para acadar a mellora da competencia dixital do alumnado.
2. Conseguir que cada docente poida elaborar os seus propios contidos e os leve á aula con éxito.
3. Mellorar a dotación de medios informáticos no centro.
4. Acadar un uso máis extendido das TIC por toda a comunidade educativa.
5. Conseguir que se faga uso das TIC de xeito seguro e respectuoso cos demais.

### **3.2 Metodoloxía**

#### Estratexias de coordinación do profesorado

- Información verbal e/ou por correo electrónico do uso de instalacións como as aulas de informática.
- Colocación de calendarios de reserva das aulas de informática na páxina web do centro. Cada profesor reservará a hora, indicando o grupo e a área na que traballará. Se algún compañeiro/a necesita a aula con regularidade farao saber á

dinamizadora e as súas horas aparecerán reservadas xa na táboa.

- Información e organización, de haber demanda, de actividades formativas para o profesorado.
- A dinamizadora do uso das TIC procurará asistir ós cursos organizados polo CFR nesta materia e informará ó claustro daqueles que considere que poidan ser do seu interese.

### Detección de necesidades formativas do profesorado

En moitos casos, o profesorado precisa mellorar o manexo informático básico, polo que se proporán sesións de actualización durante o horario lectivo.

Por outra parte, a dispoñibilidade da dinamizadora para axuda directa será a seguinte:

- Funcionamento das aulas de informática.
- Uso do ordenador portátil ou tableta.
- Uso do canón proxector e periféricos.
- Uso de recursos audiovisuais: reprodutores, cámaras...
- Uso do encerado dixital.
- Emprego correo electrónico e intercambio de arquivos.
- Manexo básico de aplicacións ofimáticas.
- Coñecemento básico de Linux.
- Uso do Xade.
- Uso dos calendarios de reserva.
- Nocións básicas de seguridade informática.
- Edición e publicación de materiais na web do centro.
- Manexo do EVA de E-Dixgal, aula virtual, Agueiro, Webex, abalarMóbil.

### Tratamento da diversidade

Durante o presente curso no centro hai matriculado alumnado que require de atención específica. Na aula de apoio hai ordenadores con conexión a Internet. Farase o posible por manter e aumentar o software dispoñible segundo demanda do profesorado especialista.

### Difusión do proxecto para o resto da comunidade educativa

O Plan de integración das TIC publicarase na web do centro, que se tenta que sexa unha das principais canles de comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa. Para isto, procurárase que estea dotada de contido para que resulte:

- Punto de información actualizado sobre o propio centro.
- Lugar de intercambio de comunicacións entre os distintos usuarios.
- Soporte de aloxamento da maior parte das actividades.
- Punto de formación e información sobre as propias TIC.
- Lugar de recollida dixital de datos (formularios, calendarios, etc.)

### Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia

A biblioteca é un punto TIC importante polas seguintes razóns:

- Servizos: Conexión a Internet en recreos, uso de impresora.
- Recursos: Catálogo en rede, enciclopedias en CD e DVD e enciclopedias on line.
- Publicacións propias, os blogs da Biblioteca: <http://pedradaaguia.blogspot.com>  
<http://clublecturaarao.blogspot.com>

### Adaptación á situación COVID-19

En caso de confinamento, seguirase asesorando a profesorado e alumnado sobre o manexo das ferramentas precisas para que o proceso de ensino-aprendizaxe se poida manter a distancia. Atenderanse dúbidas individuais, a través do correo electrónico ou de videoconferencia e, para resolver aquelas recorrentes, seguiranse elaborando guías e titoriais que se compartirán a través da páxina do centro.

### 3.3 Actividades

As actividades encamiñadas a acadar os obxectivos para o presente curso 2022/23, son:

OBXECTIVO	ACTIVIDADES
1. Afondar no uso de abalarMóbil para a comunicación coas familias.	Normalizado o uso de abalarMóbil para a comunicación de faltas de asistencia e avisos varios ás familias, incorporación da <u>comunicación de sancións</u> por este medio en substitución do envío postal e comunicación directa do profesorado sobre incidencias na súa aula.
2. Detectar carencias na conexión á rede nos domicilios do alumnado.	Realización dunha enquisa entre o alumnado para coñecer se dispoñen de conexión á rede por móbil ou cable.
3. Proporcionar formación básica á comunidade educativa para o manexo de ferramentas dixitais.	<p>a) Publicación na web de titoriais e ligazóns onde se explique o manexo básico destas ferramentas a alumnado e profesorado.</p> <p>b) Realización de sesións de formación segundo a necesidade e demanda do profesorado: EVA de E-Dixgal, aula virtual, Agueiro, abalarMóbil, Webex, calendarios reserva, formularios recollida información, etc.</p> <p>c) Atención de dúbidas por diferentes canles (correo, videoconferencia), no caso de confinamento.</p> <p>d) Colaboración co desenvolvemento do PFPP de E-Dixgal.</p>
4. Realizar inventario da totalidade do equipamento TIC.	Recompilación de datos de equipos, como enderezos IP, número de serie, data de compra e/ou outras características ou información técnica que proceda. Inventariado de todo tipo de dispositivos (proxectores, escáneres, impresoras, etc.).

<p>5. Realizar un mantemento básico de equipos.</p>	<p>a) Realización das actualizacións necesarias nos equipos.</p> <p>b) Resolución de incidencias, ben directamente, ben trasladándoas á empresa de servizo de mantemento informático ou á propia UAC ou ó Servizo Premium, dependendo do equipo de que se trate.</p> <p>c) Instalación de programas de software libre que o profesorado demande. Calquera outro software a instalar polos propios compañeiros deberá previamente poñerse en coñecemento da dinamizadora TIC.</p>
<p>6. Coordinar a instalación e distribución de novos equipos.</p>	<p>a) Detección de necesidades de dotación.</p> <p>b) Reposición de equipos na aula de informática 1, de onde se foron retirando progresivamente para dotar outras dependencias.</p>
<p>7. Concienciar da necesidade de máximo respecto pola conservación dos equipos e o seu uso responsable e solidario.</p>	<p>a) Comunicación a profesorado e alumnado das normas de uso dos equipos do centro.</p> <p>b) Mantemento de documentos de control nas aulas de informática. Utilizándoos correctamente, en cada momento saberemos quen utilizou os equipos, os seus fallos e cando se detectaron. Os alumnos que se comprobe que teñen unha actitude negativa respecto destes obxectivos terán algún tipo de sanción.</p> <p>c) Formación para aprender a gardar os traballos propios de xeito ordenado, respectando toda a información que poidan ter gardada os compañeiros nos ordenadores compartidos.</p>

<p>8. Procurar o uso da web do centro como medio de comunicación coa comunidade educativa.</p>	<p>a) Establecemento da web do centro como páxina de inicio en todos os ordenadores accesibles tanto para alumnado como para profesorado.</p> <p>b) Creación dun logo que permita diferenciar rapidamente na web a información procedente da dirección da relativa a actividades realizadas.</p> <p>c) Actualización e publicación de máis contidos na páxina web do centro: información de trámites para as familias, convocatorias, documentos de centro actualizados, reserva de aulas de informática, etc.</p> <p>d) Información/formación do profesorado para publicación.</p> <p>e) Continuar ca coordinación das datas de exames a través dun calendario compartido en rede entre o profesorado e publicado na web para as familias.</p> <p>f) Continuar ca reserva de espazos de uso común con ordenadores a través dos calendarios compartidos en rede.</p> <p>g) Potenciar o uso dun calendario de actividades na páxina web que permita mellorar a coordinación para a realización das mesmas.</p> <p>h) Realización de trámites administrativos a través de formularios na páxina: reserva de praza no centro, matrícula, etc.</p>
<p>9. Asentar entre o alumnado a concepción do uso das TIC como un medio de formación</p>	<p>a) Alta de todo o alumnado na aula virtual e en Agueiro.</p> <p>b) Uso do libro dixital de E-Dixgal.</p>

<p>10. Dotar ó alumnado de recursos básicos para o recoñecemento da fiabilidade das fontes en internet e para uso seguro da rede.</p>	<p>Segundo o recollido no Plan dixital de centro, elaboración dunha guía práctica para a selección de fontes fiables na rede.</p> <p>Solicitud de obradoiros para o alumnado sobre o uso correcto das TIC: seguridade na rede, consecuencias da gravación e difusión de contidos non autorizados, etc.</p>
<p>11. Fomentar condutas ambientalmente respectuosas no uso das TIC.</p>	<p>a) Publicación do documento do anexo titulado “TIC e medio ambiente”.</p> <p>b) Rogos periódicos en diferentes reunións do centro para aforrar e reducir consumos eléctricos e de consumibles.</p> <p>c) Organización do apagado de equipos na sala de profesores ao remate da actividade lectiva.</p> <p>d) Recolección de diferentes consumibles usados (cartuchos de tinta, CDs e DVDs, etc.) para reciclar.</p> <p>e) Promover a entrega de traballos a través das aulas virtuais, correo electrónico, Agueiro, etc., evitando a súa impresión.</p> <p>f) Realización de formularios a través da web para recollida de información e para a realización de procesos administrativos, evitando na medida do posible o uso de papel.</p> <p>g) Promover as comunicacións por medios dixitais (web, abalarMóbil, correo) entre os diferentes membros da comunidade educativa.</p>



<p>12. Avanzar no uso do software libre.</p>	<p>a) Actualización de maquetas Abalar no ordenador do profesorado na aula e realización de partición do disco para manter funcional o SO Windows naqueles onde estea pagada a licenza de uso.</p> <p>b) Instalación de Linux nalgún dos ordenadores da sala de profesores.</p> <p>c) Oferta de alternativas en software libre ós programas que o profesorado demande instalar.</p>
<p>13. Informar á comunidade educativa das activ. formativas sobre TIC.</p>	<p>a) Envío de información por correo electrónico ó profesorado.</p> <p>b) Publicación na web de información deste tipo que poida ser do interese do alumnado.</p>
<p>14. Xestionar as incidencias asociadas ó equipamento E-Dixgal do centro.</p>	<p>a) Xestión de credenciais</p> <p>b) Clonado de equipos</p> <p>c) Xestión de incidencias co Servizo Premium</p>
<p>15. Formación</p>	<p>Solicitar PFPP con formación para a creación de recursos.</p>
<p>16. Colaborar co dinamizador do Plan dixital nas actuacións previstas no documento elaborado durante o curso pasado.</p>	<p>a) AO7.2: Difundir o contido da guía:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Alumnado e profesorado: publicar a guía no EVA de Edixgal, na AV e na web.</li> <li>· Familias: informar a través de abalarMobil da súa publicación na web.</li> </ul> <p>b) AO8.2: Realizar coas familias, aproveitando a reunión cos responsables de cada titoría ó inicio de curso, unha sesión de MOSTRA de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- ferramentas dixitais educativas que usarán os seu fillos</li> <li>- abalarMóbil</li> <li>- páxina web do centro</li> </ul>

### 3.4 Avaliación

Estableceranse 3 procesos avaliadores fundamentais:

- a) Unha avaliación inicial coa que poder averiguar as necesidades de formación do profesorado e máis de dotación de medios. Inicio de curso.
- b) Outra avaliación sumativa á anterior ó longo do curso coa que poder reaxustar o que se estime oportuno para acadar os obxectivos a longo prazo do presente plan.
- c) Unha avaliación final ó remate do curso coa que observar
  - Grao de consecución de obxectivos.
  - Grao de satisfacción da comunidade educativa.
  - Frecuencia de uso dos medios.
  - Grao de achegamento á competencia dixital do alumnado.
  - Mellora de competencia TIC para docentes.
  - Incorporación de contidos TIC nas programacións dos departamentos.

Ademais da observación directa e a recompilación de estatísticas de uso, entre as ferramentas a utilizar poderán figurar as enquisas a alumnado e profesorado.

A Ponte do Porto, 20 de setembro de 2022.

Gema Lois Gómez